



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 21 de ABRIL de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catroce horas e quince minutos do día vinte e un de abril de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(300).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(301).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA ESPECIALIZADA PARA A ANÁLISE E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (APT E VPT); AVALIACIÓN DE SUFICIENCIA DOTACIONAL E ANÁLISE DE ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS E FUNCIONAIS DO CONCE- LLO DE VIGO. EXPTE. 7182/241.**

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/04/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular da Ase- soría Xurídica, que di o seguinte:

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 1 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do concello de Vigo (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 7 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais (expediente 53329-444), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 19 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 39.512,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.857,55 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 2 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

- b) *Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato nos últimos 5 anos, a maiores do establecidos na solvencia relativa aos medios persoais (5):*
- *Responsable do proxecto: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.*
  - *Técnico: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.*
- c) *Estudios específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas:*
- *Responsable do proxecto: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.*
  - *Técnico: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.*
- d) *Mayor experiencia do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato con respecto ao mínimo esixido como solvencia técnica (5 anos):*
- *Responsable do proxecto: 30 (nº) de anos de experiencia.*
- e) *Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato:*
- *Formación non universitaria especializada de ata 50 h:*
    - *Técnico: posúe formación non universitaria especializada de ata 50h.*
  - *Formación non universitaria especializada superior a 100h:*
    - *Técnico: posúe formación non universitaria especializada superior a 100h.*
- Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

1.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 22 de abril de 2024 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 24 meses, non estando previstas prórrogas.

**Cuarto.-** Para responder do cumprimento deste contrato NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, SL, constituíu garantía definitiva mediante aval por importe de 1.632,75 euros e co número de recibo 818 de conformidade coa carta de pago da Tesourería municipal de data 4 de abril de 2024.

**Quinto.-** O 20 de marzo de 2026 a xefa da área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da concelleiro delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato. Este informe foi completado en data 13 de abril de 2026.

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 3 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Sexto.-** Con data 14 de abril de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

**Sétimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral de 16 de abril de 2026.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

### Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 4 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
- e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

- a) Prestacións adicionais.

Cando deviera necesario engadir obras, subministrados ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- 1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerara inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.
- 2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

- b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 5 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

**-III-**

**Da modificación do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais**

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos que ten por obxecto a realización dun estudo analítico, avaliativo, diagnóstico e estratéxico da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo, dende unha perspectiva de xénero, cunha metodoloxía específica e especializada en materia de recursos humanos no sector público local, que permita tomar coñecemento directo e detallado das áreas de mellora, das posibles disfuncións e das debilidades; realizando a adaptación das titulacións esixidas para o desempeño dos postos de traballo ao Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) así como á actual conformación dos sistemas educativos non superiores actualmente existentes, formulando propostas de actuación derivadas da análise citada, e incorporando o correspondente proceso técnico de análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, identificando complementariamente as posibles disfuncións retributivas, organizativas e funcionais que podan concorrer, respecto das cales deberán incorporarse propostas de mellora e/ou reorientación técnica e xurídicamente fundadas; debendo pronunciarse respecto da suficiencia, adecuación e eficiencia das estruturas organizativas e funcionais existentes ás competencias municipais que se exercen no Concello de Vigo.

Deberá dar cumprimento aos obxectivos 3 e 6 do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión de data 15 de setembro do 2021, e publicado no BOP nº 189, do 30 de setembro do 2021, co obxectivo xeral de garantir a ausencia de discriminación, tanto directa como indirecta, nos sistemas de clasificación profesional, e de establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de xénero, respectivamente

Incluirá a avaliación da suficiencia dotacional da plantilla municipal, integrada polas prazas do cadro de persoal orzamentario ás cales se atopan asociados os postos de traballo catalogados na relación de postos de traballo, incorporando a comparativa cun mínimo de 10 municipios sometidos ao réxime xurídico e organizativo de grande poboación, en número de habitantes igual ou superior a 250.000, e propoñendo as actuacións que corresponda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 6 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

abordar para a efectiva implementación dos procesos de racionalización e/ou redimensionamento que resulten procedentes a efectos de acadar niveis óptimos de plantilla e de postos de traballo para a prestación dos servizos públicos coa maior eficiencia e calidade posibles, asociados á consecución de obxectivos de saúde psicosocial óptima por razón das cargas de traballo en relación co número de dotacións e coa estrutura organizativa e funcional. (apartado 2.A da FEC). A parte variable configúrase en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC).

A modificación é proposta pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación, en informe de data 20 de marzo de 2026. Do mesmo despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrenza dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi**:

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato.

### 1.- A concorrenza dunha razón de interese público

A modificación, tal e como se deduce do informe da área xestora, obedece a unha razón de interese público que se concreta na necesidade de a realización de novos estudos (memoria de impacto económico e de cuantificación de custes da aplicación do resultado del estudio; análise do impacto das recentes sentenzas xudiciais firmes ditadas respecto de persoal dos servizos de policía local e de prevención e extinción de incendios e salvamento, e a necesidade de adaptación ao Regulamento (UE) 2024/1689. Todo ilo para que non se frustre o cumprimento do obxecto do contrato e devese inútil o traballo realizado ata o momento.

### 2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato e a regula no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP:

#### "15.MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*  
B) *ASPECTOS A MODIFICAR: incremento do prazo de execución do contrato*  
C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
- a) *Que no desenvolvemento do estudo xurdiran aspectos relacionados co impacto de xénero, a integración do valor igualdade, o ámbito da seguridade e saúde no traballo ou o alcance e/ou natureza das medidas propostas que se considerasen relevantes para a súa implementación práctica no tempo.*
  - b) *Que no desenvolvemento do estudo se considerase de gran relevancia a incorporación de algún aspecto ou aspectos susceptibles de engadir unha maior eficiencia no resultado final do traballo.*

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 7 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

c) *Que durante o prazo de execución dos traballos podan concorrer modificacións normativas de obrigado cumprimento no proceso analítico, valorativo e diagnóstico que conforma o obxecto do contrato.*

D) **LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo**  
**ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:**  
*para calcular o prezo da modificación, determinarse o prezo día do contrato facendo unha regra de tres entre o prezo de adxudicación e o prazo inicial do contrato ”*

Agora, é preciso determinar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificación regulados no PCAP:

### 2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivada pola necesidade de incluír novos aspectos relevantes no estudo técnico obxecto deste contrato (memoria económica e análise do impacto de determinadas sentenzas xudiciais firmes que afectan ao persoal), que tería encaixe no apartado 15.C.b da FEC do PCAP “*Que no desenvolvemento do estudo se considerase de gran relevancia a incorporación de algún aspecto ou aspectos susceptibles de engadir unha maior eficiencia no resultado final do traballo*”.

Así mesmo, é preciso a adaptación dos traballo ao Regulamento (UE) 2024/1689, norma aprobada con posterioridade ao inicio da execución do contrato e que, tal e como informa o servizo xestor “*resulta de fundamental consideración aos efectos de considerar o impacto da dita ciencia e tecnoloxía na configuración dos postos de traballo e/ou na revisión dos existentes*”. O apartado 15.C.c prevé entre as circunstancias que determinan a modificación do contrato “*Que durante o prazo de execución dos traballos podan concorrer modificacións normativas de obrigado cumprimento no proceso analítico, valorativo e diagnóstico que conforma o obxecto do contrato*”.

### 2.2.- Aspectos a modificar

O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o prazo do contrato (apartado 15.B da FEC). Para axustar os traballos en curso as citadas modificacións normativas é preciso ampliar o prazo do contrato en 4 meses e 26 días.

Hai que ter en conta que o prego recolle como especialidades do procedemento de modificación que “para calcular o prezo da modificación, determinarse o prezo día do contrato facendo unha regra de tres entre o prezo de adxudicación e o prazo inicial do contrato” (apartado 15.E da FEC).

Aplicando esta regra, a ampliación do prazo implica o incremento do prezo do contrato en 7.902,51 euros.

Este incremento, de 7.902,51 euros (IVE incluído), aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 9201.2270600, imputándose a mesma a anualidade 2026 na súa totalidade.

### 2.3.- Límites da modificación

O apartado 15.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato. A modificación prevista do prazo implica un incremento do prezo de 7.902,51 euros, que representa o 20% do mesmo, polo que está dentro deste límite.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 8 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

### -IV-

#### Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

- 1) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos artigo 207.2 LCSP). Neste caso non procede por ser o contrato de servizos.
- 2) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP). Evacuado o trámite de audiencia ao contratista, este, en escrito de 16 de abril de 2026 manifestou a súa conformidade.
- 3) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- 4) Neste caso non procede por canto se trata dunha modificación no PCAP e o prezo do contrato é inferior á citada contía.
- 5) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP).
- 6) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).
- 7) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).
- 8) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.
- 9) Publicación.

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 9 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no “Diario Oficial da Unión Europea”.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

Dado que se trata dun contrato de servizos, cuxo importe de adxudicación non excede dos 150.000 euros, non é preciso comunicara esta modificación ao Consello de Contas.

**-V-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación sen IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 326,55 euros.

**-VI-**

#### **Recursos**

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

**-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 10 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

### -VIII-

#### Proposta de acordo

*“1º.- Modificar o contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais (expediente 43010-220), adxudicado a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., por acordo deste órgano de 19 de abril de 2024, segundo o solicitado pola xefa xefa da área de Recursos Humanos e Formación, no informe do 20 de marzo de 2026 completado en data 13 de abril, conformados pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.*

*2º.- A modificación conleva incluír novos aspectos relevantes no estudo técnico obxecto deste contrato e adaptacións do mesmo por causa de cambios normativas. Isto implica a ampliación do prazo de execución do contrato en 4 meses e 26 días e o incremento do prezo en 7.902,51 euros (IVE incluído), que aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 9201.2270600, imputándose integramente á anualidade 2026.*

*Esta modificación representa un 20% do prezo do contrato.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.*

*Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).*

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 11 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5º.- *Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*”.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(302).- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN - EMPREGO TALENTO MOZO “VIGO CAPACITA XI” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. EXPTE. 21996/77.**

Visto o informe de fiscalización do 20/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da técnica de Administración Xeral, conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 58, do venres 27 de marzo de 2026, a consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén de publicar a ORDE do 09 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B).

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acometeuse ata o de agora a problemática do desemprego nas persoas con idades comprendidas entre os 25 e os 30 anos. A Concellería de Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II, III e IV- , Escola Obradoiro “Vigozoo”, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego “Vigo Atende”, obradoiro de emprego “Vigo Capacita” I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII, Obradoiro de emprego “Vigo Prepara”, Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil “FORMAWEB I, II, III, IV e V”). Este ano, en resposta á convocatoria referida no parágrafo anterior, un novo programa de Formación – Emprego Talento Novo denominado “**FORMAWEB VI**”, propoñendo as especialidades de **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210\_3)** e **Seguridade Informática (IFCT0109)**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como á propia demanda empresarial.

II. En data 14/04/2026 a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a ORDE do 09 de marzo de 2026.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado co desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web e sistemas de xestión da información levaron a este Servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 12 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente programa de formación – emprego talento novo “**FORMAWEB VI**” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun programa de formación - emprego talento novo de 16 alumnos/as nas especialidades de “Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210\_3)” e “Seguridade Informática (FCT0109\_3)”, cuxo obxectivo final é formar e cualificar ao alumnado para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Programación web no contorno cliente.
2. Programación web no contorno servidor.
3. Implantación de aplicacións web en contornos internet, intranet e extranet.
4. Seguridade en equipos informáticos.
5. Auditoría de seguridade informática.
6. Xestión de incidentes de seguridade informática.
7. Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos.
8. Xestión de servizos no sistema informático.

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 13 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A duración do programa de formación – emprego talento novo "FORMAWEB VI" está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 01 de setembro deste ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Centro Municipal Ríos Teis, na rúa Baixada a Ríos 86, que está adecuadamente adaptado ás necesidades deste programa. Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración (mobiliario, maquinaria), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver este programa de formación – emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, por importe de **438.994,36 €**, contemplada na Memoria do programa FORMAWEB VI, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na "Orde do 009 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B)", e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2026 e 2027 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado este programa pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2026, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<b>Partida</b>	<b>2026</b>	<b>2027</b>
<b>2410 2279913 FORMACIÓN DE PROGRAMAS DE EMPREGO</b>	<b>15.000,00€</b>	<b>30.001,00€</b>

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 14 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude (Resolución de Alcaldía do 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía do 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

1. Aprobar o programa de Formación – Emprego Talento Novo denominado “FORMAWEB VI”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 09 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B”, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 58, do venres 27 de marzo de 2026.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do programa, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2026 e 2027, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar na quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude a representación do Concello de Vigo na tramitación e xestión do Programa de Formación – Emprego talento novo “FORMAWEB VI”.
5. Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 15 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**4(303).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO EN BOUZAS DE ACORDO AO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8899/104.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de luminarias led e outros elementos da rede de alumado viario en Bouzas de acordo ao Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8899-104)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de luminarias led e outros elementos da rede de alumado viario en Bouzas de acordo ao Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8899-104)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A REPOSICIÓN E SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS LED E OUTROS ELEMENTOS DA REDE DE ALUMEADO VIARIO EN BOUZAS DE ACORDO AO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 16 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

### EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 13/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 21/11/25*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 234.101,06 €, cun IVE de 40.629,11 euros que dividiranse do seguinte modo nas anualidades 2025 e 2026:*

Anualidade	con IVE
2025	136.519,67 €
2026	97.581,39 €

*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.619.00.00.- OBRAS LITORAL, SIST. ILUMINACION, HUMANIZACION, PSTD, FMRR co proxecto asociado 24432050, do programa orzamentario do Servizo de Turismo.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 26 de marzo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de luminarias led e outros elementos da rede de alumeadado viario en Bouzas de acordo ao Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8899-104) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	IMESAPI, SA	88,44
2	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, SA	86,00
3	ELEUKON GLOBAL, SLU	85,40
4	SIELVIGO, SL	84,50

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

S.extr.urx. 21/04/2026



1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, SA, o día 26 de marzo de 2026, que presenta a documentación requirida o 31 de marzo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran que non está incurso en prohibición de contratar, o obxecto social e o poder de representación e o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente coa AEAT, a ATRIGA e a TGSS.
- A escritura de constitución da licitadora, de cambio de denominación social, os estatutos e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (135.430,37 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (163.870,74 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 8.409,40 que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Declaración de posuír máis de 50 traballadores e contar con máis dun 2% de persoal con discapacidade.
- Xustificante de depósito no correspondente Rexistro do plan de igualdade.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivos de débedas do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 18 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMESAPI, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMESAPI, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 18 de marzo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a IMESAPI, SA o procedemento aberto para a contratación do subministro de luminarias led e outros elementos da rede de alumeadado viario en Bouzas de acordo ao Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da vila de Bouzas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8899-104) por un prezo total de 203.507,58 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.319,50 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 19 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(304).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN DE PÁXINA WEB E ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DIXITAL DO CASCO ANTIGO DE BOUZAS E FESTAS CULTURAIIS NO MARCO DO PRTR FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPA - NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8916/104.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación de páxina web e estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8916-104)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de creación de páxina web e estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8916-104)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN DE PÁXINA WEB E ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DIXITAL DO CASCO ANTIGO DE BOUZAS E FESTAS CULTURAIIS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NextGenerationEU*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 20 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 06/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 28/11/25.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 50.000,00 €, cun IVE de 8.677,69 euros.*

*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 "TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR" do programa orzamentario do Servizo de Turismo.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de marzo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*

- Sesión do 15.01.26: non se admite neste procedemento a ASISTENCIA PÚBLICA INTEGRAL, SL por ter presentado a documentación requirida para a emenda da documentación persoal fóra do prazo concedido para o efecto (3 días naturais) que rematou o pasado 12 de xaneiro de 2026.*
- Sesión do 12.02.26: exclúese a ESTUDIO 27 CGM, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de creación de páxina web e estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europa - Next Generation EU (8916-104) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL	84,70
2	ALPHA SYLTEC INGENIERIA, SLP	75,00
3	NOSO PLANS E PROXECTOS	66,24

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 21 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL, o día 20 de marzo de 2026, que presenta a documentación requirida o 30 de marzo e o 6 de abril, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o poder de representación e o DNI do apoderado, o obxecto social e que a empresa non está incurso en prohibición de contratar.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (28.925,40 €), presentan as conta do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (35.000,00 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Declaración de dispor de menos de 50 traballadores e compromiso futuro de elaborar un plan de igualdade e cubrir a cota de reserva do 2% de traballadores con discapacidade no suposto de superar os 50 traballadores.
- Garantía definitiva por un importe de 1.652,89 € mediante autoliquidación.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 22 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 de febreiro e 11 de marzo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TESLA TECHNOLOGIES & SOFTWARE, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de creación de páxina web e estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (8916-104) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 40.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.942,15 euros.*
- b) *Incorpora 10 elementos novos a maiores dos esixidos no PPT nos catálogos.*

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 23 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

c) Incorpora novas funcionalidades web, "Navegación web interactiva 360º polo barrio histórico de Bouzas con, cando menos, 15 imaxes 360.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(305).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DO "PLAN DE MARKETING E DINAMIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA" NO MARCO DO PRTR- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPA-NEXT GENERATIONEU. EXPTE. 8946/104.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 09/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración do "Plan de marketing e dinamización da festa da Brincadeira" no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8946-104)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración do "Plan de marketing e dinamización da festa da Brincadeira" no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8946-104)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DO*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 24 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

### SERVIZO DE "ELABORACIÓN DO PLAN DE MARKETING E DINAMIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 24/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que reixerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 09/12/25*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 25.000,00 €, cun IVE de 4.338,84 € euros*

*O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.06.03 "TRANSICION DIXITAL PSTD FMRR" do programa orzamentario do Servizo de Turismo.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de marzo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de xaneiro de 2026, de STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración do "Plan de marketing e dinamización da festa da Brincadeira" no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8946-104) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	SEEKETING, SL	85,50
2	GEOCYL CONSULTORIA, SL	61,49

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEEKETING, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

S.extr.urx. 21/04/2026



2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEEKETING, SL, o día 20 de marzo de 2026, que presenta a documentación requirida o 31 de marzo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o poder de representación, o obxecto social e que a empresa non está incursoa en prohibición de contratar.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (14.462,81 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (17.500,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Garantía definitiva por un importe de 743,80 € mediante autoliquidación.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 26 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2077/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEEKETING, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEEKETING, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de febreiro e 13 de marzo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SEEKETING, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración do “Plan de marketing e dinamización da festa da Brincadeira” no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europa- Next GenerationEU (8946-104) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 18.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.123,97 euros.*
- b) *Comprométese á incorporación de novas análises da competencia:*
  - *Analizar como mínimo 3 Festas de Interese Turístico Rexional*
  - *Analizar como mínimo 2 Festas de Interese Turístico Nacional*
  - *Analizar como mínimo 1 Festa de Interese Turístico Internacional*
- c) *Comprométese á confección dunha proposta de ámbitos de patrocinios, subvencións e outras fontes de financiamento, para a festa da Brincadeira:*
  - *Identificación de patrocinadores privados relevantes (empresas locais, nacionais ou sectoriais)*
  - *Proposta de subvencións ou axudas públicas*
  - *Outras fontes de financiamento (crowdfunding, entradas, merchandising ou similares)*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

S.extr.urx. 21/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 27 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:53	Páxina 28 de 28
2077-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: A6B3AF-D7CH8D-4F53C7-HYB8MK-WQB8Q2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		